

Estimadas familias de 5º de Primaria:

Dámosvos a benvida ao novo curso. Un curso marcado pola pandemia do COVID – 19.

Xa coñecedes pola información achegada na páxina web do centro os diferentes documentos que axudarán a que xunt@s consigamos unha escola segura e feliz. Na mesma páxina está incluída unha DECLARACIÓN conforme recibides a información pertinente, que cada familia deberá traer asinada o primeiro día de curso.

Aquelas familias que non poidan imprimir esta declaración, terán o modelo impreso nunha mesa á entrada do recinto escolar nos días anteriores ao inicio das clases.

O alumnado de 5º non comeza as clases ata o luns 14 de setembro ás 10:30. Para este día só terán que traer o estoxo e un caderno. O resto do material solicitado en xuño poderán achegalo nos vindeiros días. Lembra de, especialmente este ano, que todo ten que vir con nome.

As titoras permaneceremos nas aulas a partir das 8:30h, para recibir ao alumnado que se traslade en transporte escolar, evitando a permanencia no patio ata o comezo das clases.

O resto do alumnado, que non use os autobuses para o seu traslado, chegará ao colexio entre as 8:30h e as 8.45h pola entrada a carón do pavillón e subirá ás aulas seguindo as liñas correspondentes.

Este curso o horario escolar de 5º queda do seguinte xeito, adiantándose cinco minutos a saída, para evitar aglomeracións.

- Entrada: 8:30-8:45h.
- Saída: 13:40h.

- Parva de media mañá : 11:15 h.-11:30 h. Lembra de como outros cursos alternar froitas e lácteos deixando para o venres un “*bocata*” saudable.
- Recreo: 11.30 h.-11:50 h. Os recreos serán no patio de arriba en dous espazos separados no que participarán só 5º A e B, , respectando os “Grupos Estables” e utilizando máscaras. Os días de choiva realizarase o recreo no pavillón polo que o alumnado deberá vir con deportivas ou ter na aula unhas para estes días , nunha bolsa co seu nome.
- Hora de ler: 11:50 h.-12:05 h.

Os horarios das materias entregáremolos o 1º día de clase.

As vosas fillas e fillos disporán dun computador persoal onde estarán cargados os libros de texto dixitais deste curso. Este ordenador poderá levarse a casa, logo de asinar o documento correspondente que recibiredes nos primeiros días de clase. Deberán traer o ordenador cargado para poder utilizalo na escola ao día seguinte. Cada computador dispón do seu maletín e cargador.

Por outra banda lembra de que utilizamos blog de aula e a ferramenta de comunicación Abalarmóbil, polo tanto agradecemos que descarguedes esta aplicación para estar correctamente informados e informadas. Se tedes algún problema podedes comentalo na Secretaría do colexio.

Saúdos e grazas pola vosa colaboración!

Mª Isabel Tomé Marcos

Mª Carmen Cascallar Pita

Titora 5ºA

Titora 5º B